



RACHAR CO GUIÓN GAÑAR A SOBERANÍA NACIONAL

Tal e como advirten todas as forzas revolucionarias do mundo, a crise non foi un episodio pasaxeiro. Por un lado, o imperialismo estadounidense continúa a lanzar guerras directas ou subsidiarias, que en realidade fan parte dunha única estratexia, así como todo tipo de inxerencias e intervencións alí onde están en xogo os seus intereses. O Estado Islámico ou Daesh é só unha das últimas criazóns do monstro, unha das mais cínicas, nunha área particularmente relevante e que se enfrenta a un novo redeseño confeccionado desde o exterior, coa fasquía do máis clásico colonialismo. Desafortunadamente, non existe un movemento global de agrupamento e mobilización anti-imperialista á altura do desafío do noso tempo. Non obstante, alí onde o poder do imperialismo se desenvolva, tamén aparecerá a resis-

tencia: desde Colombia, onde a loita de décadas do pobo forza a criazón dun novo escenario político, a partir das conversas que teñen lugar na Habana, até outros países da América Latina de orientación xeral anti-imperialista e anti-monopolista, sometidas a unha intensa presión contra-revolucionaria, interna e externa, e á inxerencia imperialista. Polo tanto, estamos nun momento histórico no que conviven as maiores ameazas — do colapso ambiental e enerxético á guerra nuclear, da destrución de civilizacións inteiras ao empobrecemento masivo das sociedades — con grandes oportunidades de transformación revolucionaria.

As consecuencias da “crise” esténdense en moitas dimensións — do desemprego á precariedade masiva, do deterioro e privatización dos servizos públicos ao repunte da emigración xuvenil — e en moitos países, con matices diferentes. A medida que se desenvolve o capitalismo aumentan as crises producidas pola súa propia natureza, e os seus efectos dramáticos son inevitabelmente repercutidos sobre a clase traballadora e os pobos. Só a renovación e profundización das formas de explotación garante a reprodución do sistema. Así, no noso entorno non é só que continúen as medidas antipopulares dos diferentes gobernos, senón que, a Unión Europea e os Estados Unidos pretenden constitucionalizar este modelo neoliberal por medio do TTIP. E para conseguir oporse a este deseño compren ferramentas. As que dá un Estado libre, soberano, non dependente nen sometido aos intereses dun grande capital, aínda por riba, estraño e supremacista.

Hoxe, no actual contexto do Estado español, onde crecen alternativas de perfil cidadanista, de orientación socialdemócrata e fortemente centralistas e centralizadas, o discurso e práctica do soberanismo e a súa política de alianzas non

A unidade do soberanismo é hoxe máis imprescindible do que nunca, e debe ser parte integrante da estratexia independentista

pode ser vista como meramente instrumental. Nese sentido, pensamos que urxe reafirmar a necesidade dunha estratexia soberanista, que non é compatíbel coa do reformismo español, por moitos motivos. Á hora da verdade, este campo político está a aliñarse cos intereses da oligarquía no proceso independentista na Catalunya, contribuíndo ao bloqueo dunha dinámica de ruptura real no Estado, e mesmo negando dereitos democráticos básicos. Pola súa parte, os medios de comunicación, públicos e privados, realizan unha impúdica promoción destas iniciativas á vez que silencian sistematicamente os argumentos soberanistas e independentistas, máis aínda se estes proveñen da esquerda cunha clara vontade de quebrar o escenario paralizante e vicioso en que nós, as nacións sen Estado, somos obrigadas a nos mover se non queremos ser engolidas por unha nova “transición” que supoña outra blindaxe da continuidade do estado unitario e centralista por décadas.

Por iso, no caso concreto de Galiza, a unidade do soberanismo é hoxe máis imprescindible do que nunca, e debe ser parte integrante da estratexia independentista. Sen esvaír as diferenzas, temos que ser quen de observar e andar aqueles pasos que se poidan andar conxuntamente e manter as vías de comunicación sempre abertas. Neste sentido, este Día da Patria, con elementos mellorábeis, ofrece unha



visualización unitaria que temos que saudar, animar e utilizar no futuro, como o punto no que se apoia a panca para transmitir moita máis forza.

O porvir que arelamos precisa de moitos acertos hoxe, e atinada sería a conformación dunha candidatura nacional galega para as eleccións xerais do final de ano, que permitise o desenvolvemento do proxecto soberanista, tecese novas complicidades e entendementos, e permitise defender e visualizar os intereses inmediatos do noso pobo. Nun momento en que a propia continuidade do Estado está en xogo, é importante unha voz galega nas institucións do Estado, e os parámetros baixo os que se desenvolva a súa actuación posterior: non pode existir marxe de ambigüidade na defensa dos procesos emancipadores e da ruptura democrática, na defensa dos intereses estratéxicos e do programa histórico do soberanismo.

Non obstante, temos que mirar e soñar moito máis lonxe: a situación de debilidade relativa do soberanismo galego ten de levar a unha reflexión colectiva sobre as potencialidades dunha posíbel reconfiguración político-organizativa. Esta eventual refundación orgánica debería manter as bases fundamentais da súa identidade histórica, autoorganización e soberanía para o noso país desde unha óptica liberadora e de esquerda, sen renunciar a construír os mecanismos actualizados que sexan precisos para aumentar a súa incidencia social, a súa base militante e que acumule máis forza para conseguir a ruptura democrática. A súa definición polo miúdo é unha tarefa democrática e complexa que compete a moitos máis axentes, mais algunhas premisas son evidentes: alén dunha aposta ideolóxica isenta de timoratismos e asentada no mais avanzado da loita social e nacional, debe ser un espazo político de confluencia dos movementos sociais e populares — protagonizado polas clases populares e construído para a ruptura democrática co sistema — antes que o modelo de organiza-

ción político-institucional ao uso, dados os seus límites para transformación e intervención social. Os mecanismos de debate e participación real adquiren polo tanto unha vital importancia para derrubar todos os receos de anos de desencontros e, mesmo tamén de actitudes sectarias, que tanto activismo deixaran polo camiño debido ao aborrecemento de dinámicas negativas.

Unha alternativa política que consiga colocar a necesidade da soberanía nacional no imaxinario colectivo, que axude a

É importante unha voz galega nas institucións do Estado baixo os parámetros de defensa dos procesos emancipadores e da ruptura democrática

construír procesos de poder popular pola ruptura e a independencia que abran espazos á transformación social, no camiño do socialismo.

Neste treito, o MGS, nesa mesma liña acumuladora que orienta a nosa acción, mantén a man tendida a todas as persoas e organizacións que queiran compartir este percurso; queremos facer desde a coherencia e continuidade das nosas posicións durante máis dun lustro de existencia, no que procuramos contribuír á recuperación e actualización do proxecto histórico, intervindo nas loitas abertas no presente mais preparando tamén o futuro, desde a comprensión da relación existente entre a táctica e a estratexia. Porque sermos escravos e escravas nunca foi unha alternativa para pobo galego. Porque escollemos rebelarnos.

1975-2015

MONCHO REBOIRAS VIVE!



ACTO DO MGS
12 DE AGOSTO ÁS 13h
Cemiterio de Imo - Dodro

RECITAL POÉTICO
ACTUACIÓN MÚSICAL
INTERVENCIÓNS
XANTAR POPULAR
ROTEIRO



**MOVIMENTO
GALEGO AO
SOCIALISMO**

Avenida de Castelao, 30 baixo 15705 - Compostela

mgs.gal | nacional@mgs.gal



/mgsgaliza



@mgsgaliza



@MGS_Exterior